



Concello de Bueu

Expediente	3189/2019
Código SIA	1428945
Procedemento	Seleccións de Persoal e provisión de postos
Asunto	Proceso selectivo para a cobertura, en réxime de interinidade, dunha praza de Técnico/a de administración Xeral (rama xurídica) do Concello de Bueu (quenda libre)
Responsable	Secretaría
Documento	Anuncio de alcaldía
Trámite	Resolución do Recurso de reposición contra o acordo da Xunta de Goberno Local, núm. A3, de data 24.01.2020, relativo á aprobación das bases reguladoras de dito proceso, formulado mediante escrito Rexistro de entrada de data 18.02.2020 (E-RE-316) por Maria del Carmen Lorenzo Prado, NIF.7**7**4*,

ANUNCIO

Mediante o presente anuncio faise pública a Resolución de alcaldía ditada en data 01.06.2020 baixo o número 2020-0692, do seguinte tenor literal:

“ RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

I. Antecedentes

1. A XGL, na sesión ordinaria celebrada con data 24.01.2020, acordou, aprobar as bases reguladoras do procedemento selectivo de concorrencia competitiva para a cobertura dunha praza de Técnica/ Técnico de administración Xeral en réxime de interinidade do Concello de Bueu subscritas en data 20.01.2020 (CSV: 3SEMEE6KWPCRKH36Z5MD7NPQM). Dito acordo se adopta logo de terse incoado o procedemento selectivo de referencia, por providencia de alcaldía de 16.12.2019, por mor do informe, de data 16.12.2019, emitido polo concelleiro delegado de urbanismo, vivenda e infraestruturas públicas, tendo en conta o ámbito material de dita concellería que resultan do réxime interno da organización do goberno municipal resultado da Resolución de alcaldía núm. 926/2019, de 28.6.2019.

O informe de referencia contén a xustificación da necesidade, urxencia e excepcionalidade do procedemento para cobertura transitoria da praza vacante de Técnico/a de administración xeral, adscrita ao Departamento de urbanismo, medio ambiente e actividade de supervisión do concello, en réxime de interinidade, ata a cobertura definitiva da praza por funcionario de carreira titular do mesmo.

2. A convocatoria e as bases do procedemento selectivo de referencia foron publicadas no BOP de Pontevedra, número 25 do 06.02.2020, mediante edicto núm. 5/2020 de data 27.1.2020, e o anuncio do extracto da convocatoria de dito procedemento resultou publicado no DOG núm. 32 de 17.2.2020, en cumprimento do ordenado no punto 2º do acordo referenciado no antecedente anterior e de acordo co disposto ao respecto no artigo 45.1.b) da LPAC e no apartado 1º da base 5ª e apartado 2º da base 14ª das bases

Concello de Bueu

R/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tfno. 986390029.





Concello de Bueu

reguladoras.

3. Mediante escrito de data 18.02.2020 (E-RE-316), Maria del Carmen Lorenzo Prado, NIF.7**7**4*, interpón recurso de reposición contra o acordo da Xunta de Goberno Local, núm. A3, de data 24.01.2020, polo que se aprobaron as bases reitoras do proceso selectivo para cubrir, en réxime de interinidade, unha praza de Técnico/a de Administración Xeral (rama xurídica) do concello de Bueu, publicadas no BOP número 25 do 06.02.2020.

4.- Mediante resolución de alcaldía, núm. 343/2020, de 2.3.2020, se desestima a solicitude de suspensión da execución da convocatoria do proceso selectivo para cubrir en réxime de interinidade, unha praza de Técnico/ a de Administración Xeral (rama xurídica) do concello de Bueu que resulta do acto impugnado, interesada, pola recorrente, no escrito de formulación do recurso de reposición sinalado no antecedente anterior.

A notificación, de 2.3.2020 (2020-S-RC-617), da resolución de alcaldía, núm. 343/2020, de 2.3.2020, é practicada á recorrente en data 05.03.2020.

5- Verifícase o trámite de audiencia aos interesados, previa á resolución do recurso, en virtude do artigo 118.2 da Lei 39/2015 do 30 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e de conformidade co previsto no artigo 4 e 45.1. da dita Lei, mediante publicación do correspondente edicto núm. 10/2020, de 21.2.2020 (CSV: AFLMQEDLFYWHP3AR3N53AZ2KF), publicado no BOP núm. 41 de 28.02.2020.

Non se formularon alegacións no citado trámite tal e como resulta da documentación incorporada ao expediente e do constatado no informe do servizo do rexistro xeral do concello, emitido en data 25.3.2020.

II.- Normativa aplicable e consideracións xurídicas

- CE/1978 (Constitución española)
- Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL)
- Lei 5/97 de administración local de Galicia (LALGA)
- Real Decreto Legislativo 781/1986 de 18 de abril, polo que se aprobou o Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local (TRRL)
- Real decreto 2568/1986 polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento das entidades locais.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC)
- Lei 29/98 de xurisdición contencioso-administrativa (LXCA)

Tendo en conta, as consideracións xurídicas que resultan de aplicación contidas no informe xurídico emitido en data 01.04.2020 baixo o número 2020-0029 para a resolución do recurso de reposición contra a convocatoria do proceso de selección para a cobertura, en réxime de interinidade, dunha praza de Técnico/a de administración Xeral (rama xurídica), que se reproducen a continuación:

O recurso de reposición, se interpón contra o acordo núm. A3, adoptado pola XGL, na sesión ordinaria celebrada con data 24.01.2020, no que se aproban as bases reguladoras do procedemento selectivo de concorrencia competitiva para a cobertura, en réxime de

Concello de Bueu

R/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tfno. 986390029.



Cod. Validación: 56F9R7W6A2333E6KZASTT7Z0J | Corrección: <https://bueu.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 8



Concello de Bueu

interinidade, dunha praza de Técnica/Técnico de administración Xeral (rama xurídica), do Concello de Bueu, subscritas en data 20.01.2020 e publicadas no BOP número 25 do 06.02.2020.

A recorrente considera que as bases reguladoras do procedemento son contrarias a dereito por non contemplar como estudos admisibles para poder concorrer no procedemento os correspondentes ao título de Graduado/a en Dirección e Xestión Pública.

Ao respecto da *Titulación esixida para poder ser admitido no procedemento* no que se incardina o recurso, a base 3ª relativa aos "*Requisitos dos aspirantes*", establece o seguinte, no seu apartado 5:

*"Estar en posesión ou en condición de obter, antes da finalización do prazo de presentación de instancias, o **título de grao ou licenciatura en Dereito, en Ciencias Políticas, Económicas, Administración e Dirección de Empresas, actuario ou intendente mercantil, ou equivalentes, ou estar en condicións de obtelo o día en que remate o prazo de presentación de instancias.** As equivalencias deberán de acreditarse polos aspirantes.../..."*

Basa a recorrente o recurso na vulneración do dereito fundamental ao acceso á función pública en condicións de igualdade e de conformidade cos principios de mérito e capacidade ao non permitir que poidan presentarse á praza de Técnica ou Técnico de Administración xeral os graduados/as en Dirección e Xestión Pública.

Para fundamentar esta pretensión, a recorrente se remite, entre outros, ás titulación mínimas previstas no artigo 169 do TRRL do seguinte xeito:

".../...en cuanto a que titulaciones serían las mínimas para acceder, sin perjuicio de que se haga constar la expresión "o equivalente" debería estarse a lo que se dispone de manera expresa en la legislación, en concreto en el artículo 169 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el Texto Refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de Régimen Local

Considera a recorrente, en base a dita regulación e a correspondente do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por remisión do art. 133 do TRRL, que o esencial non é o título en si, senón a formación que o título achega, manifestando, na súa defensa, que "*Como el artículo 169 se mantiene vigente, y aun con las adaptaciones necesarias a la nueva regulación de las titulaciones universitarias, que obliga a examinar los programas de estudios de las universidades para poder discernir cuales de las titulaciones son sustancialmente coincidentes con la aquí exigidas*"

Tendo en conta o contido das alegacións do recurso, compre ter en conta, para a resolución do mesmo, a regulación aplicable ao procedemento no que se incardina o recurso.

En primeiro lugar, compre ter en conta que o artigo 23 da CE, en canto aos **principios de igualdade, mérito e capacidade**, reconece a todos os cidadáns o dereito a acceder en condicións de igualdade ás funcións e cargos públicos, cos requisitos que sinalen as leis.

Deste xeito, o dereito a acceder a postos funcionariais se erixe nun modo de participación dos cidadáns nas institucións públicas, conectado cos principios que, segundo o artigo 103 da Constitución Española, deben presidir o funcionamento e a organización da Administración.

Concello de Bueu

R/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tfno. 986390029.



Cod. Validación: 56F9R7W6A2333E6KZASTTZ7GJ | Corrección: <https://bueu.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 8



Concello de Bueu

O apartado 2º do citado art. 23 reconece expresamente que a lei pode suxeitar ó acceso a funcións públicas a determinados requisitos, polo que o dereito fundamental que nel se consagra non é dun dereito indiscriminado, sino de configuración legal, dentro sempre do respecto aos principios e preceptos constitucionais.

En base ao anterior, o dereito de acceso ao emprego público non se lesiona si **a esixencia dos requisitos establecidos con carácter xeneral polas leis se aplica motivadamente con criterios razoables e en términos de xeneralidade que exclúan toda idea de discriminación persoal o que supoñan, por parte da Administración, restricións innecesarias para o exercicio deste dereito fundamental, debendo prevalecer en todo caso a interpretación máis favorable á efectividade de aquel.**

Por outra banda, o principio de igualdade no acceso ás funcións públicas **non significa que todos os cidadáns teñan un dereito subxectivo a participar nas correspondentes probas de selección. Por elo, é axustada a noso orden constitucional establecer requisitos, de carácter obxectivo, para a participación nas probas de acceso.**

Así que, non pode admitirse que toda persoa, polo feito de selo, estea en condicións de acceder ao desempeño de calquera cargo u oficio, porque para selo é imprescindible estar en posesión dunha serie de requisitos, tales como unha titulación específica ou coñecementos especializados, idade, nacionalidade, que non todo cidadán pode posuír, e elo, por aplicación sistemática e concorrente das previsións do artigo 103.3 da CE.

O art. 23.2 da CE outorga ao lexislador ordinario un amplo marxe para a regulación dos procedementos de acceso á función pública, e elo, pola remisión que o propio texto constitucional realiza a "con los requisitos que señalan las Leyes", agora ben, o Tribunal Constitucional tamén declarou nas SsTC 75/1983, 50/1986, 148/1986 192 e 193/1987, 75/1988 e 67/1989 que existen uns límites, en concreto, a imposibilidade de establecer referencias individualizadas e concretas que poidan crear desigualdades arbitrarias, o que resultaría incompatible cos principios de mérito e capacidade.

É dicir, unha interpretación conxunta e integrada das previsións recollidas nos arts. 23.2 da CE e 103 do texto constitucional, no que respecta ao acceso á función pública, obrigan a concluír que tales requisitos serán establecidos mediante disposicións con rango de Lei, coa colaboración da potestade regulamentaria cos límites e condicións informados.

En canto á **normativa de réxime local aplicable**, compre ter en conta na resolución do recurso, a regulación contida no artigo 169 do TRRL, norma de carácter básico, segundo o estipulado na Disposición final sétima do mesmo texto legal, e por tanto de obrigada aplicación ao procedemento do que resulta o recurso, tal e como a propia recorrente reconece.

O citado artigo establece o seguinte:

"1. Corresponde a los funcionarios de la Escala de Administración General el desempeño de funciones comunes al ejercicio de la actividad administrativa. En consecuencia, los puestos de trabajo predominantemente burocráticos habrán de ser desempeñados por funcionarios técnicos, de gestión, administrativos o auxiliares de Administración General.

La Administración del Estado fijará los criterios de población, clasificación de la Secretaría respectiva, y demás que sirvan para la determinación de las Corporaciones en que puedan existir puestos de trabajo a desempeñar por funcionarios de cada una de las

Concello de Bueu

R/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tfno. 986390029.



Cod. Validación: 56F9R7W6A2333E6KZASTTZ7CJ | Corrección: <https://bueu.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 8



Concello de Bueu

Subescalas de la Escala de Administración General.

a) *Pertenecerán a la Subescala Técnica de Administración General, los funcionarios que realicen tareas de gestión, estudio y propuesta de carácter administrativo de nivel superior.*

b) *Pertenecerán a la subescala de gestión de Administración General los funcionarios que realicen tareas de apoyo a las funciones de nivel superior.*

c) *Pertenecerán a la Subescala Administrativa de Administración General, los funcionarios que realicen tareas administrativas, normalmente de trámite y colaboración.*

d) *Pertenecerán a la Subescala Auxiliar de Administración General, los funcionarios que realicen tareas de mecanografía, taquigrafía, despacho de correspondencia, cálculo sencillo, manejo de máquinas, archivo de documentos y otros similares.*

e) *Pertenecerán a la Subescala de Subalternos de Administración General, los funcionarios que realicen tareas de vigilancia y custodia interior de oficinas, así como misiones de Conserje, Ujier, Portero u otras análogas en edificios y servicios de la Corporación.*

Podrá establecerse la normativa adecuada para que los puestos de trabajo atribuidos a esta Subescala puedan ser desempeñados por funcionarios de Servicios Especiales que, por edad u otras razones, tengan disminuida su capacidad para misiones de particular esfuerzo o penosidad, pero que conserven la requerida para las tareas de Subalterno.

2. *Hasta tanto se dicten las normas reglamentarias previstas en el artículo 100.2 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, **la selección de los funcionarios a que se refiere el número anterior se ajustará a las siguientes reglas:***

a) ***El ingreso en la Subescala Técnica se hará por oposición libre y se precisará estar en posesión del título de Licenciado en Derecho, en Ciencias Políticas, Económicas o Empresariales, Intendente Mercantil o Actuario.***

No obstante, se reservarán para promoción interna el 25 por 100 de los puestos de trabajo para Administrativos de la propia Corporación que posean la titulación indicada, cuenten, como mínimo, con cinco años de servicios en la Subescala de procedencia y superen las pruebas selectivas correspondientes..../..."

Xunto coa regulación sinalada, debe terse en conta a **potestade de autororganización dos municipios** recoñecida no artigo 4.1.a) da LRBRL do seguinte xeito:

"1. En su calidad de Administraciones públicas de carácter territorial, y dentro de la esfera de sus competencias, corresponden en todo caso a los municipios, las provincias y las islas: a) Las potestades reglamentarias y de autoorganización (...)"

Desta forma, non pode obviarse que a Administración, na súa estrutura orgánica, abarca unha pluralidade de áreas funcionais e que para dar unha cobertura adecuada a cada unha delas é necesario que o persoal ao servizo da mesma conte cunha determinada titulación ou formación específica, segundo as tarefas para realizar .

Ao respecto, a sentenza do Tribunal Supremo, de 12 de xuño de 2012, rec. 6397/2009, Fundamento de Dereito Cuarto, a cal analiza unha convocatoria de Técnicos de Administración Xeral, na que se esixe especificamente a titulación de Licenciado en Dereito, indica ou seguinte:

Concello de Bueu

R/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tfno. 986390029.





Concello de Bueu

“La sentencia de instancia no desconoce la potestad municipal de crear puestos de trabajo, ni de modificarlos, ni en general, las facultades de gestión de su personal que puede llevar a cabo mediante el instrumento técnico que representa la Relación de Puestos de Trabajo. Ciertamente, el Ayuntamiento está sujeto a límites en el ejercicio de su potestad de autoorganización, y, simplemente, la sentencia ha hecho efectivo su respeto, una vez que ha comprobado que la relación de puestos de trabajo procedió a asignar el complemento de destino y a exigir la titulación y los méritos correspondientes. En este sentido, afirma la sentencia de instancia, y esta Sala lo comparte, que «la Administración cuenta con potestades discrecionales para adecuar a cada puesto de trabajo concreto los requisitos genéricos de titulación exigidos para el acceso a la plaza, optando por una titulación específica, al igual que modulando los méritos generales a los precisados por el concreto contenido funcional del puesto de trabajo». Ninguna contradicción existe por el hecho de que un puesto se limite a Técnicos de Administración General, que han acreditado para ingresar en su Cuerpo de pertenencia el conocimiento de todas o de la mayor parte de las disciplinas, incluyendo las jurídicas, y que específicamente se exija la titulación de Licenciado en Derecho. Lo contrario privaría a la Administración de la potestad de ordenar su personal a través de la correspondiente RPT en aras de configurar los requisitos positivos para acceder a determinados puestos. Cualquier posible modificación devendría imposible y la RPT quedaría petrificada.

Por lo demás, ninguna infracción se aprecia del artículo 169.2 del Texto refundido de 1986 en cuanto precisa los títulos exigidos para las distintas modalidades de la escala de Administración general, pues una cosa es el ingreso en cada una de las Subescalas (Técnica, de Gestión, Administrativa, Auxiliar y Subalterna), y otra, que la RPT no pueda establecer una determinada titulación por razón de las funciones que tiene atribuidas el puesto de trabajo en cuestión. (...)”

No caso que nos ocupa, a praza obxecto da convocatoria que resulta impugnada, figura encadrada na escala de Administración xeral, subescala técnica, integrada no grupo A, subgrupo A1, nivel CD 25, e adscrita ao departamento de Urbanismo, medio ambiente e actividade de supervisión, tal e como resulta do cadro e catálogo de persoal, aprobado polo Pleno da corporación municipal, na sesión ordinaria celebrada con data 2.12.2019, conxuntamente co orzamento municipal do Concello de Bueu, para o exercizo 2019, publicado no BOP.PO núm. 335 de data 9.12.2019.

Como resulta do devandito catálogo de postos no que se prevé a creación do posto correspondente á praza cuxa provisión interina resulta o obxecto das bases impugnadas, non se establece, no citado instrumento, titulación específica ou singularizada requirida para o acceso á praza de referencia, e, polo tanto, tal extremo ha de regularse a través das correspondentes Bases do proceso de selección, as cales constitúen a lei do procedemento segundo declarou diversa xurisprudencia, entre ela, a Sentenza do Tribunal Supremo (Sala do contencioso-administrativo) do 19 de maio de 1989, que sinala:

“Y en tal sentido, con carácter general, debe recordarse la doctrina jurisprudencial, consagrada en larga trayectoria y acogida reiteradamente por esta Sala, según la cual las indicadas bases han de regir las pruebas selectivas, constituyendo la llamada “ley del concurso-oposición” que vincula tanto a los que concurren a las pruebas de selección como a la propia Administración.”

A titulación esixida no apartado 5º da base 3ª relativa aos “Requisitos dos aspirantes”

Concello de Bueu

R/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tfno. 986390029.



Cod. Validación: 56F9R7W6A2333E6KZASTTZCUJ | Corrección: <https://bueu.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 8



Concello de Bueu

que resulta impugnado resposta, pois, á literalidade da esixida para o ingreso na subescala técnica, prevista no apartado 2.a) do artigo 169 do TRRL. Polo tanto, a base impugnada non fai senón recoller uns requisitos de acceso que veñen impostos por determinación legal, a través de norma específica, isto é, da contida no citado art. 169.2.a) do TRRL.

Logo do manifestado, pode considerarse que o contido da base impugnada non supón, en absoluto, unha vulneración de dereito fundamental algún, pois estamos antes un requisito establecido con carácter xeneral pola lei, en termos de xeneralidade que exclúe toda idea de discriminación persoal e que non supón por parte da Administración, restricións innecesarias para o exercicio do acceso a función pública, non supoñendo unha desigualdade arbitraria e allea os principios de mérito e capacidade.

Tendo en conta o anterior non se aprecia infracción algunha no contido da base 3ª, entendendo que a súa redacción se axusta ás regras e requisitos esixibles, para o acceso á subescala técnica da administración xeral, previstas na norma específica de aplicación, constituída no presente suposto, pola prevista no artigo 169 do TRRL, sen que desvirtúe o expresado anteriormente, a xurisprudencia citada pola recorrente, toda vez que nunha aplicación respectuosa co sistema de fontes do dereito, no caso que nos ocupa existe un precepto legal concreto que é de aplicación.

Polo tanto, a non inclusión da titulación de Grao en Dirección e Xestión Pública nesta convocatoria é consecuencia da regulación contida no TRRL, nos termos indicados, que ven a limitar o acceso a Subescala Técnica de Administración Xeral, ás titulacións indicadas, axustándose a base impugnada ao principio de legalidade consagrado non artigo 9.3 da Constitución.

Á vista dos antecedentes sinalados no presente acto e logo das consideracións xurídicas expostas ao longo da presente resolución, no exercizo das atribucións sinaladas no artigo 21, da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e o artigo 61 da Lei 5/1997 de 22 de xullo, Reguladora da Administración Local de Galicia e resto de normativa concordante, pola presente **RESOLVO:**

PRIMERO.- Desestimar íntegramente o recurso de reposición formulado por María del Carmen Lorenzo Prado, NIF.7**7**4*, mediante escrito de data 18.02.2020 (E-RE-316), contra o acordo da Xunta de Goberno Local, núm. A3, de data 24.01.2020, polo que se aprobaron as bases reitoras do proceso selectivo para cubrir, en réxime de interinidade, unha praza de Técnico/a de Administración Xeral (rama xurídica) do concello de Bueu, publicadas no BOP número 25 do 06.02.2020, por entender que o requisito de titulación esixido no apartado 5º da base 3ª se axusta a dereito, concretamente ás esixencias que para o acceso á subescala técnica da administración xeral, se prevén na norma específica de aplicación, constituída no presente suposto, polo artigo 169 do TRRL.

SEGUNDO.- Dar traslado da presente resolución á interesada co réxime de recursos que no seu caso procedan.“

O se que publica para xeral coñecemento no Taboleiro electrónico do concello (<https://bueu.sedelectronica.gal> (apartado “INFORMACIÓN XERAL”- Taboleiro de anuncios/sección “Emprego Público”), así como no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo de que, de forma complementaria , se publique na páxina web do concello en cumprimento do disposto na Base 14ª.2 das bases reguladoras do proceso selectivo.

Concello de Bueu

R/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tfno. 986390029.



Cod. Validación: 56F9R7W6A2333E6KZASTT7ZCU | Corrección: <https://bueu.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 8



Concello de Bueu

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE

Concello de Bueu

R/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tfno. 986390029.



Cod. Validación: 56F9R7W6A2333E6KZASTT7QJ | Corrección: <https://bueu.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 8